



CPI SAN SADURNIÑO - Avda Marqués de Figueroa, 19 – 15560 SAN SADURNIÑO

Tfn: 881 930489 – Fax 881 930496 E-mail: [cpi.sansadurnino@edu.xunta.es](mailto:cpi.sansadurnino@edu.xunta.es)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## **SORTEO PARA CONSTITUÍR A XUNTA ELECTORAL. OUTUBRO 2018**

### Eleccións para renovación parcial do Consello Escolar do centro.

O sorteo público celebrarase o día **6 de novembro, ás 12:00 horas** na Dirección do centro.

RESOLUCIÓN do 25 de setembro de 2018, conxunta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos

1. A efectos da organización do procedemento de elección, constituirase en cada centro docente unha xunta electoral, presidida polo Director ou a Directora do centro docente. Actuarán como vocais un profesor ou profesora, un pai ou nai, un representante do persoal de administración e servizos, e no seu caso, un alumno ou alumna, todos eles, así como os seus suplentes, elixidos por sorteo entre os inscritos nos respectivos censos electorais. A celebración do sorteo público para a elección dos membros da Xunta Electoral publicarase no taboleiro de anuncios do centro, cunha antelación mínima de quince días naturais.

2. As competencias da Xunta Electoral son as seguintes:

- Aprobar, publicar e custodiar os censos electorais, que comprenderán nome, apelidos e documento nacional de identidade dos electores, ordenados alfabeticamente, así como a súa pertenza ao sector do profesorado, dos pais ou nais, titores ou representantes legais do alumnado, do persoal de administración e servizos ou, no seu caso, do persoal de atención educativa complementaria.
- Concretar o calendario electoral de acordo co establecido no Decreto.
- Ordenar o proceso electoral.
- Admitir e proclamar as distintas candidaturas.
- Promover a constitución das distintas mesas electorais.
- Resolver as reclamacións presentadas contra as decisións das mesas electorais, no ámbito das súas competencias.
- Proclamar os candidatos elixidos e remitir as correspondentes actas á Consellería competente en materia .